

**BESTEIRO APOSTA EN VILALBA "POR POLÍTICAS DESDE OS CONCELLOS PARA GARANTIR O FUTURO DO MEDIO RURAL, NON SÓ CON VERBAS, TARDE E MAL COMO FAI FEIJÓO"**

**"Xa non podemos pedirlle un maior esforzo ás explotacións gandeiras, que fixeron o seu traballo para modernizarse", asegura o secretario xeral dos socialistas**

**"O medio rural é fundamental no noso programa, Vilalba ten que poñer en valor o seu territorio para que non teñan que marchar os nosos fillos", sostén a candidata Elba Valeiro**

**Vilalba, 8 de maio de 2015** O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, garantiu hoxe en Vilalba que "os socialistas faremos políticas desde os concellos para que o medio rural teña un futuro mellor, non podemos limitarnos ás verbas ou a actuar tarde, mal e arrastro como Feijóo".

O líder dos socialistas galegos, xunto ao secretario xeral provincial do PSdeG en Lugo, Juan Carlos González Santín, e a candidata á alcaldía de Vilalba, Elba Veleiro, visitaron a Sociedade Agraria de Transformación As Pandas. "Estamos aquí para falar cos cidadáns e cos que teñen moito que dicir, é un momento duro para o agro, aínda que Feijóo presentouse como garante dun prezo xusto para o leite", manifestou Besteiro.

"Xa non podemos pedirlle máis esforzo ás explotacións gandeiras, fixeron o seu traballo e desde as administracións temos que garantir o seu futuro, hai que impoñerse á distribución e dar esperanzas de futuro a un sector fundamental para a economía galega", apuntou.

En opinión de Besteiro, "podemos facer cousas desde os concellos, temos que ordenar as terras e para iso é clave tamén un Igape forte e unhas consellerías da Xunta fortes, pero Feijóo preocupouse de poucas cousas e en Galicia non temos políticas adecuadas para o medio rural".

"Crer no rural, non só con verbas, será un motivo de ilusión para os galegos, o sector lácteo é estratéxico para Galicia", engadiu o secretario xeral do PSdeG. A Sociedade Agraria de Transformación As Pandas ten un millón de euros invertidos en maquinaria e o animal que máis produce aporta 70 litros ao día (teñen 300 animais en total).

Pola súa parte, Elba Valeiro apuntou que "o medio rural é fundamental no noso programa, Vilalba ten que poñer en valor o seu territorio para que non teñan



que marchar os nosos fillos e os nosos netos, este concello ten que cambiar para mellorar e ser cabeceira de comarca”.

Comunicación PSdeG-PSOE

